RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 879/2015

TENDO EN CONTA a concesión de subvención da Deputación Provincial da Coruña ao Concello de Oroso para a contratación dun psicólogo/a para a atención psicosocial e intervencións coas familias mediante psicoloxía comunitaria para o ano 2015.

LOGO DE VER o informe favorable de secretaria é intervención accidental do 15/09/2015 e do 17/09/2015 respectivamente.

LOGO DE VER a Resolución de Alcaldía do 04/03/2013 pola que se aproba a seguinte bolsa de emprego para cubrir prazas de xeito temporal de psicólogo/a dos servizos sociais:

APELIDOS	NOME	DNI	Puntuación 1ª proba	Puntuación 2ª proba	**PUNTUACIÓN DEFINITIVA**
LATA BLANCO	MARÍA MONTSERRAT	33255564W	9,58	16	**25,58**
BLANCO VÁZQUEZ	BELÉN	44824729Y	2,16	11	**13,16**

TENDO EN CONTA as competencias atribuídas ao alcalde-presidente polo artigo 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e concordantes coa Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. Proceder ao chamamento sucesivo dos aspirantes por orde de lista, para cubrir temporalmente unha praza de psicólogo/a dos servizos sociais, debendo os interesados manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará ao seguinte da lista.

SEGUNGO.- Aprobar o gasto con cargo as partidas 231.131.00 e 231.160.01 por importe de 5.867,49 euros e 1.849,79 euros respectivamente do vixente orzamento municipal.

SEGUNDO. PUBLICAR este acordo no taboeiro de anuncios e na páxina web do Concello de Oroso.

Mándao e asínao o alcalde-presidente.

Oroso, 17 de setembro de 2015

O alcalde-presidente

Manuel Mirás Franqueira

Ante mim, o secretario

Federico Suárez Cancelo